WIKIPEDIA

Lingua umbundu

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **umbundu**, ou **mbundu do sur** (autónimo *úmbúndú*), é unha das dúas linguas bantús faladas en Angola, sendo a outra o kimbundu. É a lingua máis falada de Angola. Os seus falantes son coñecidos como ovimbundu e son un grupo étnico que constitúe un terzo da poboación do país. O seu territorio tradicional son as terras altas de Angola Central e a rexión costeira ó oeste desas terras, incluíndo as cidades de Benguela e Lobito. Por mor de migracións internas recentes, hai grandes comunidades de falantes umbundu na capital, Luanda, e na provincia homónima, así como en Lubango.

Umbundu 'Úmbúndú'	
Outros nomes:	mbundu do sur
Falado en:	Angola
Rexións:	África austral
Total de falantes:	6,19 millóns (2014)[1]
Familia:	
	Atlántico-congolesa
	Benue–congolesa
	Bantoide meridional
	Bantú
	Umbundu
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Angola (lingua nacional)
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`umb`
ISO 639-3:	`umb (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=umb)`

Notas

1. "The World Factbook — Central Intelligence Agency". *www.cia.gov (en inglés)*. Consultado o 14 de agosto de 2018.

Véxase tamén

Bibliografía

- Schadeberg, Thilo C. (1982) 'Nasalization in Umbundu', *Journal of African Languages and Linguistics*, 4, 2, 109–132.
- Gladwyn M. Childs 'Umbundu Kinship and Character: Being a Description of Social Structure and Individual Development of the Ovimbundu', Londres: Oxford University Press, 1949. ISBN 0-8357-3227-4.